

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DEZAOITO DE MAIO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES: acta de 04-04-12, acta de 12-04-12, acta de 19-04-12 e acta de 04-05-12 (Entregadas mediante escrito de Secretaría de 10.05.12 - Rexistro de Saida de 14.05.12 nº 1273).**
 - 2º.- APROBACIÓN DA ALTA NO SAF DE MARIA JOSEFA SILVA VILLAR.**
 - 3º.- APROBACIÓN DE ALTA NO SAF DE FILOMENA CARRERA FERNANDEZ**
 - 4º.- CORRECCIÓN ERRO LICENCIA 1381/08**
 - 5º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO SEGÚN LISTADO 10/05/2012**
 - INDEPENDENCIA 2, S.A.**
 - VAZQUEZ GONZALEZ JOSE MANUEL**
 - VAZQUEZ GONZALEZ JOSE MANUEL**
 - RODRIGUEZ GÓMEZ ANTONIO**
 - 6º.- DACIÓN DE CONTA E REMISIÓN AO SEPRONA DO INFORME 189/12 DA POLICÍA LOCAL.**
 - 7º.- APROBACIÓN DE FACTURACIÓN DO 1º TRIMETRE/12 ESPINA Y DELFÍN.**
-
- 1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES: acta de 04-04-12, acta de 12-04-12, acta de 19-04-12 e acta de 04-05-12 (Entregadas mediante escrito de Secretaría de 10.05.12 - Rexistro de Saida de**

14.05.12 n° 1273).

Preséntase para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 04 de abril de 2012.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 12 de abril de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 19 de abril de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 04 de maio de 2012

A Sra. Alcadesa dí que se aproban por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar as actas da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 04 de abril de 2012.
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 12 de abril de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 19 de abril de 2012
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 04 de maio de 2012


(Serán transcritas ó Libro de Actas de Xunta de Goberno Local).

2º.- APROBACIÓN DA ALTA NO SAF DE MARIA JOSEFA SILVA VILLAR.

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 10 de maio de 2012 , para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido
María Josefa Silva Villar

Enderezo
Fonteboa, 7



De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de María Josefa Silva Villar nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 10 de maio de 2012.

3º.- APROBACIÓN DE ALTA NO SAF DE FILOMENA CARRERA FERNANDEZ

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 10 de maio de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido

Enderezo

Filomena Carrera Fernández

Andamollo, 17

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Filomena Carrera Fernández nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 10 de maio de 2012.

4º.- CORRECCIÓN ERRO LICENCIA 1381/08

(Neste punto concreto auséntase o Concelleiro Klaus Brey Montaña, que non vota este asunto, incorporándose á sesión unha vez finalizada a votación.)

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o escrito presentado por Dº José Manuel Crespo Blanco, de data 15 de maio de 2012, Rexistro de Entrada nº 2590 de data 15 de maio de 2012, solicitando a corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de xullo de 2011, correspondente a licenza 1381/08, por estar cambiados o orden dos apelidos xa que tería que constar José Manuel Crespo Blanco en vez de José Manuel Blanco Crespo.

A Xunta de Goberno Local **acorda** a corrección deste erro, quedando o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de xullo de 2011 redactado da forma

seguinte:

“3.2.3.- Licencia N° 1381/08. Visto o expediente instruído a instancia de D° José Manuel Crespo Blanco, en representación de MAPFRE AUTOMOVILES, S.A., solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de xullo de 2.008, se concede licencia provisional de actividade á licencia de obra solicitada debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva.

Visto que polo interesado preséntase certificación final de obra, asinada polo técnico redactor do proxecto e director de obra, o Arquitecto Técnico D° Alfonso Gallego Ruza, Rexistro de Entrada n° 198 de data 15 de xaneiro de 2009.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico de data 19 de xullo de 2011 e o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 01 de xullo de 2.011, acorda a concesión de licencia de actividade a MAPFRE AUTOMOVILES, S.A. para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).”

5°.- EXPEDIENTES DE URBANISMO SEGÚN LISTADO 10/05/2012.

5.1.- INDEPENDENCIA 2, S.A. (Reconstrucción e restauración de hórreo do pazo de trasfontao (Silleda)).

Infórmase pola Secretaria que a este expediente fáltalle o informe xurídico.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar o expediente sobre a Mesa.

5.2.- VAZQUEZ GONZALEZ JOSE MANUEL (Muro de cerre de parcela en Barravaite, n° 36, Lamela (Silleda)).

Infórmase pola Secretaria que a este expediente fáltalle o informe xurídico.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar o expediente sobre a Mesa.



5.3.- VAZQUEZ GONZALEZ JOSE MANUEL (Muro de contención e cerre de parcela en Barravaite, nº 36, Lamela (Silleda)).

Infórmase pola Secretaria que a este expediente fáltalle o informe xurídico.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar o expediente sobre a Mesa.

5.4.- RODRIGUEZ GÓMEZ ANTONIO (Cambio do trazado dun camiño público que atravesa finca no lugar de Covas, 18, Abades (Silleda)).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o expediente tramitado a instancia de Don Antonio Rodríguez Gómez, que pretende o cambio do trazado dun camiño público que atravesa a finca número 80, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Sta. María de Abades, situada no lugar de Covas, nº 18, parroquia de Abades (Silleda), segundo a memoria descriptiva asinada polo arquitecto técnico Oscar Botana Pérez visada pola delegación de Pontevedra do colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación en data 15 de setembro de 2010.

RESULTANDO: Que con data 21 de marzo de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Rodríguez Gómez, Antonio</i>
<i>Data de rexistro</i>	<i>21/09/2010 Nº 4196 Data escrito 10/06/10</i>
<i>Obra</i>	<i>Construcción de muro de pedra e recheo nas fincas núms. 78 e 80 da zona de C.P. de Abades, cunha lonxitude de 32 m e unha altura media de 2,50 m.</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Entre as parcelas 78 e 80 da zona de concentración parcelaria de Abades</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>n/d</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Oscar Botana Pérez, arquitecto técnico col. PA522</i>

Proxecto	<i>Sen visar</i>
Dirección de Obra	<i>n/d</i>
Oficio de Dirección	
Dirección de Execución	<i>n/d</i>
Oficio Direc. Execución	
Exposición pública	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
Orzamento (P.E.M.)	3.000 €


NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 *Planeamento do Concello de Silleda*

1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991

1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A def. o





11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O 10 de xuño de 2010, Antonio Rodríguez Gómez solicita licencia municipal de obra para a "Construción dun muro de pedra e recheo nas fincas números 78 e 80 da zona de concentración parcelaria de Abades, cunha lonxitude de 32 m e unha altura media de 2,50 m. Acompaña a solicitude de plano de situación, orzamento e autorización de Augas de Galicia para a "nivelación de fincas e construción dun muro de contención, en zona de policía do río Cervañiña, na zona de concentración parcelaria de Abades".

2. O día 6 de xullo de 2010, o técnico que subscribe emite informe de deficiencias da documentación presentada, emprazándose ao promotor á presentación de proxecto técnico no que se describan as obras nun prazo de quince días, indicándosele non mesmo escrito que "transcorrido o dito prazo sen cumprimentar dito requerimento, procederáse ao arquivo do expediente". Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, resposta a este requirimento.

3. O día 21 de setembro de 2010, r.e. 4196, o promotor das obras solicita "Desafección de parte dun camiño situado no lugar de Covas, 18, parroquia de Abades, que atravesa a finca 80 da concentración parcelaria". Con esta solicitude, aporta memoria proxecto asinado polo arquitecto técnico Oscar Botana Pérez o 15/9/2010, e visado polo colexio profesional correspondente.

4. O día 10 de marzo de 2011, r.e.1008, o promotor presenta aclaración, segundo a que, con respecto á solicitude indicada no punto 3 destes antecedentes, (r.e. 4196 de 21/9/2010), sinala o seguinte:

"Una vez hemos comprobado y expuesto en la Oficina Técnica del Ayuntamiento, lo que yo pretendía, deseo concretar que es solamente el cambio de trazado de un camino existente en la realidad con un ancho aproximado de 1,20 m (y que en los planos de concentración parcelaria parece que consta con un ancho aproximado de 3 m) y que este cambio de trazado del camino se refleja en color verde en el plano de concentración parcelaria da Sta. Maria de Abades, polígono 1, que se adjunta a este escrito y que por ello,

SOLICITA:

Este cambio de trazado que en ningún momento perjudica el cambio de trazado actual, sino todo lo contrario, puesto que el camino reflejado en los planos de concentración no lo han dejado, y el Ayuntamiento en su momento lo ha aceptado en acuerdo plenario, con el ancho que consta en los planos. Por tanto, si se me autoriza lo solicitado lo dejaría en mejores condiciones de las actuales."

5. O día 29 de marzo de 2011, o departamento técnico de urbanismo, vías e obras, emite informe asinado por José Luis Rodríguez González e José Antonio Presas Ferreiro, no que se conclúe que se debería "solicitar informe de viabilidad de la actuación pretendida a los servicios jurídicos del Ayuntamiento, y con la finalidad de determinar lo que legalmente proceda".

6. O día 6 de abril de 2011, r.e. 1480, o promotor aporta "Memoria descriptiva para la construcción del citado muro de contención y nivelación de finca" de decembro de 2007 e "Estudio complementario de cálculos hidrológicos y de estabilidad de muro para muro de contención y relleno del trasdós en Abades (Silleda)".

7. O día 10 de agosto de 2011, o promotor aporta copia de documentación xa presentada, con correccións, das que se especifican na solicitude as seguintes:

- Modificación da memoria cou un ancho de camiño de 3 metros segundo figura na documentación gráfica de concentración parcelaria.*
- Modificación dos planos indicando a anchura de 3 m.*
- Plano a escala 1:1000 marcando a superficie do camiño.*
- Proposta de liquidación polo camiño.*

8. Consta no expediente escrito do arquitecto técnico municipal de data 25 de agosto de 2011, no que se solicita doservizo de Infraestruturas Agrarias, relativo ao ámbito da solicitude, o seguinte:

- Copia del plano que sirvió de base para el proceso de Concentración*



- Parcelaria de Santa María de Abades (polígono 1), lugar de A Bouza.
Copia del plano parcelario del Acuerdo, con especificación del ancho aproximado del camino señalado entre las parcelas números 80 y 79, así como acceso a parcela número 78 y si es camino de uso público.

9. O día 6 de outubro de 2011, r.e. 4277, tén entrada no Concello de Silleda escrito remitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, asinado o 28 de setembro de 2011, con r.s. N° 129645 de 5/10/2011, no que se indica o seguinte:

- Que, tal e como consta na documentación gráfica que se achega, o camiño que se menciona no escrito non foi modificado polas obras de Concentración, mantendo o ancho primitivo de uns 3 m. aproximadamente.
- Que, segundo consta no título de propiedade da leira de reemplazo n° 80: "En esta finca existe una senda de pie de 1 m de ancho y unos 30 m de longitud aproximadamente, que discurre por su linde E y Norte en parte para servicio de un molino sito en la finca 78 de Masa Común"

10. En resumo, partírase para este informe técnico da solicitude presentada o 10 de agosto de 2011, que inclúe a memoria técnica redactada por Oscar Botana Pérez, asinada o 27 de agosto de 2010, na mesma, indícase:

- (...) a fin de realizar unha memoria descriptiva, dun camiño do que pretende a súa desafección, situado no lugar de Covas, 18, parroquia de Abades, Concello de Silleda (Pontevedra), que atravesa na finca 80 da concentración parcelaria de Abades da súa propiedade.
A desafección do mesmo ven motivada porque preténdese cerrar un valado de pedra de parte da propiedade, e a presenza deste camiño, que a atravesa en toda a súa lonxitude, o imposibilita. Cabe salientar que a propiedade xa dispón de tódolos permisos de Augas de Galicia para executar dito pechamento, permisos obrigatorios pola proximidade dun regato.
O camiño, é unha senda peonil que non está habilitada nin polas súas dimensións nin polo seu estado de conservación para a circulación de vehículos rodados. Na actualidade atópase en desuso xa que aínda que fai anos daba servizo a un muiño sito sobre unha masa común, na actualidade este xa ten acceso dende outra pista aberta coa concentración parcelaria.
Non se pretende a desafección total do mesmo senón somentes do tramo no que se vai a construír o pechamento, quedando o resto do

camiño na mesma situación que na actualidade. O tramo a desafectar ten unha lonxitude de 32 m e unha superficie total de 32 m². O ancho é variable tendo unha media de 1.00 m. A traza do camiño é recta con lixeiras quebras producidos polos lindeiros.

(...)

Os lindes do mesmo corresponden coas seguintes referencias da concentración parcelaria de Abades:

*Norte: Finca 80. Propiedade de Antonio rodríguez Gómez.
Sul: Finca 80. Propiedade de Antonio rodríguez Gómez.
Finca 79, Masa común.*

A zona que se pretende desafectar corresponde cós seguintes lindes exclusivamente:

*Norte: Finca 80. Propiedade de Antonio rodríguez Gómez.
Sul: Finca 80. Propiedade de Antonio rodríguez Gómez.*

Documentación que se achega:

- Planimetría do camiño con identificación dos lindeiros e superficie a desafectar.*
- Escritura de propiedade da zona de Concentración parcelaria de Abades.*
- Testamento no que se acredita a titularidade da finca 80 a nome de Antonio Rodríguez Gómez.*

INFORME TÉCNICO:

*11. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico de protección agropecuaria**.*

12. Vista a documentación presentada, preténdese o cambio de trazado dun camiño que que figura na planimetría da concentración parcelaria da zona de Abades. Este cambio conleva un dobre procedemento para levarse a cabo: por un lado a desafectación solicitada inicialmente, de 32 m² que o solicitante pretende apropiar, e por outra parte, a apertura de un novo vial que substitúa o vial que se pretende allear.

13. Con respecto á apertura de novos viais, a LOUGA, no seu Artigo 33: "Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras." indica o seguinte:



1. Non está permitida a apertura de novos camiños ou pistas no solo rústico que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de montes ou de medio ambiente e aqueles que obtiveran a correspondente autorización autonómica de conformidade co disposto no artigo 41 desta lei.

En todo caso, a execución de novas pistas ou camiños que afecten solo rústico de protección de espazos naturais e de interese paisaxístico estará suxeita á avaliación de efectos ambientais que prevé a Lei 1/1995, do 22 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

2. As novas aperturas de camiños ou pistas que se poidan realizar deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental.

3. Con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados por esta lei.

14. Por tanto, sen prexuízo da tramitación que se poida establecer por parte dos servizos xurídicos municipais no informe indicado no punto 5 dos antecedentes deste informe (informe xurídico que, salvo erro ou omisión involuntaria, non consta no expediente), para resolver a solicitude, segundo criterio do técnico que subscribe e salvo criterio mellor fundamentado, propóñense as seguintes opcións:

14.1 Tramitación segundo o artigo 41 LOUGA, sempre que sexa posible proceder á desafectación do vial.

14.2 A inclusión do ámbito dun plan especial de mellora do núcleo rural.

14.3 A introdución destes cambios na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda que se está a tramitar.

15. É opinión deste facultativo sinalar como máis vantaxosa a tramitación que se indica no punto 14.1, tramitación segundo o artigo 41 LOUGA, sempre que sexa posible proceder á desafectación do vial, salvo mellor criterio."

RESULTANDO: Que por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, con data 26 de marzo de 2012 emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 21 de marzo de 2012, e considerando que o procedemento axeitado para a tramitación do expediente haberá de ser ao abeiro do artigo 41 LOUG.

Visto que en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e

posteriores modificacións, someteuse o expediente a información pública e audiencia aos interesados, polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende a data da última publicación, para a presentación de suxerencias e reclamacións, mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios do Concello e a súa publicación nun dos xornais de maior difusión no municipio. O anuncio estivo exposto no taboleiro de anuncios do Concello e publicouse no xornal Faro de Vigo do día 2d e abril de 2012.

Visto o certificado da secretaría xeral, de data 07 de maio de 2012 de que consultado o rexistro xeral do concello, non consta alegacións presentadas a este expediente.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Informar favorablemente e remiti-lo expediente completo a **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.**

6º.- DACIÓN DE CONTA E REMISIÓN AO SEPRONA DO INFORME 189/12 DA POLICÍA LOCAL.

Pola Alcaldía dase conta do informe da Policía Local nº 189/12, de data 03 de maio de 2012, no que sinala:

“N/Ref.: Informe: 189/12”

Asunto: Retirada de vehículo abandonado.

Xirada visita de comprobación no lugar de Penadauga, parroquia de Escuadro, polos axentes da Policía Local con TIP 265004 e 265008, o día 3 de Maio de 2012, ao obxecto de verificar a retirada dun vehículo marca FORD, modelo ESCORT 1.8d de cor branco, con plaza de matrícula OR-0685-M, que se atopaba abandonado no devandito lugar, os axentes puideron comprobar que o vehículo foi retirado, tal como se pode apreciar na fotografía do lugar.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do informe.

7º.- APROBACIÓN DE FACTURACIÓN DO 1º TRIMETRE/12 ESPINA Y DELFÍN.

Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfin S.L., de data 02 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada nº 2459, de data 07 de maio de 2012), remitindo facturación correspondente o 1º trimestre de 2012, ascendendo:

- Total facturación: 115.487,42 €.
- Total facturación (s/canon): 106.890,65 €

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** prestar aprobación a facturación correspondente o 1º trimestre de 2012.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local **acorda** tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.-Informe do oficial fontanero e inspector de augas sobre sumidoiros Polígono Área 33 de Silleda.

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do informe emitido polo Oficial fontanero e inspector de augas do Concello de Silleda, Ismael Blanco Couto, de data 10 de maio de 2012, no que se sinala:

“SUMIDOIROS POLÍGONO ÁREA 33. SILLEDA


O Polígono Industrial Área 33 de silleda conta cunha rede de sumidoiros para drenar as augas residuais e axudar a drenar as augas pluviais.

Actualmente, tal e como se pode apreciar no informe fotográfico adxunto, algúns sumidoiros están rotos, en mal estado ou incluso se percibe a falta dos mesmos. Así mesmo, as arquetas de alcantarillado presentan o mesmo aspecto.”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** conceder a Espina & Delfin S.L. un prazo de 15 días para realización das obras necesarias para ter o alcantarillado en condicións correctas, así como a remisión do informe fotográfico.


E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as doce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 18 de maio de 2012.



En fe de Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada